


GUÍA DE EMPRENDIMIENTO EN TURISMO MARIÑEIRO E PESCA-TURISMO



Proxecto Mar das Illas: Rede de apoio e preparación dos profesionais da pesca ao turismo mariñeiro.

Guía de Emprendemento en Turismo Mariñeiro e Pesca-turismo.

Galp Ría de Pontevedra
Galp Ría de Vigo - A Guarda
Galp Ría de Arousa

Socio colaborador: Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. PNMTIAG

Textos: Babadiva Ambiental.

Deseño: Silvia Conde.

Fotografías: Babadiva, S.L. excepto pax 44 Pesca-Turismo; pax 47 Intramar e pax 50 Amare Turismo Náutico.



INDICE DOS CONTIDOS.

1. Introducción.....	4
2. Turismo Mariñeiro e pesca-turismo.....	6
3. Un mar de oportunidades: Estratexia Galega de Turismo 2020	9
4. O Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.....	13
5. O rumbo a seguir. Marco normativo.....	16
5.1 Turismo Mariñeiro.....	16
5.2 Pesca Turismo.....	22
5.3 Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.....	28
6. Sucando o Mar das Illas: axudas e financiamento.....	32
6.1 Grupos de acción local do sector pesqueiro: Galp.....	32
6.2 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	35
6.3 Axencia de Turismo de Galicia.....	36
6.4 Outras Axudas e Subvencións.....	37
6.5 Onde Informarse.	38
7. Exemplos de Emprendemento.....	41
7.1 CEO pesca-turismo Mallorca y Menorca.....	42
7.2 Intramar, o Proxecto Chasula.....	45
7.3 Amare Turismo Náutico.....	48



1.- INTRODUCCIÓN.



A Unión Europea está a impulsar novos modelos de negocio para o sector pesqueiro cuxo obxectivo é a sostibilidade do sector. Xa que logo, o sector pesqueiro atópase en plena fase de desenvolvemento cara a novas vías de xestión, comercialización e diversificación polo que os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) elaboraron estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) para o período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, sendo a diversificación da actividade pesqueira un dos principais eixos que constitúen estas EDLP, tal e como promove o Crecemento Azul.



Por outra banda a Estratexia Galega de Turismo 2020, liderada pola Axencia Turismo de Galicia aposta por Galicia como destino sostible, coidadoso coa paisaxe e os recursos naturais e subliña a importancia do turismo baseado no patrimonio, a historia e a cultura galega, destacando o mar como referencia.

Neste contexto **Mar das Illas, Rede de apoio e preparación dos profesionais da pesca ao turismo mariñeiro** xurde da necesidade de proporcionar ao sector pesqueiro as ferramentas para facilitar a diversificación da súa actividade laboral cara ao turismo.

Mar das Illas nace da cooperación entre o Galp Ría de Pontevedra, o Galp Ría de Arousa e o Galp Ría de Vigo-A Guarda e ten como principal obxectivo **promover a actividade do turismo entre o colectivo de mariñeiros e os seus familiares nas rías baixas de Galicia**, especialmente no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia ao través das seguintes accións:

1.-**Información e asistencia** ao desenvolvemento das devanditas actividades.

2.-**Formación como intérpretes do patrimonio marítimo-costeiro.**

A Guía de Emprendemento xorde da necesidade de crear un material de apoio e consulta que permita coñecer a situación actual para por en marcha iniciativas empresariais en turismo mariñeiro no entorno do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e albiscar as perspectivas de futuro destas actividades. A Guía recolle tamén as principais conclusións acadadas na xornada técnica para difundir entre o sector todos os aspectos vinculados ao desenvolvemento do turismo mariñeiro en relación coa actividade pesqueira.



2.- TURISMO MARIÑEIRO E PESCA TURISMO



Historicamente a pesca foi clave no desenvolvemento dos asentamentos costeiros. Despois de milleiros de anos de desenvolvemento, esta actividade xerou ao longo do tempo importantes elementos culturais, económicos, medio ambientais e sociais que hoxe en día son de gran interese para o desenvolvemento de actividades turísticas.

Mais nas últimas décadas as actividades tradicionais como a pesca artesanal están en período de regresión por mor, entre outras causas, da industrialización da actividade pesqueira ou da contaminación terrestre e mariña que afecta á calidade das augas onde traballan.



Unha das estratexias promovida polos GALPS que pretende axudar a paliar esta regresión é promover a diversificación e posta en marcha de iniciativas turísticas vinculadas directamente coa actividade pesqueira nas zonas do litoral tradicionalmente dependentes da pesca. Esta é unha aposta con garantías, pois Galicia conta cun inmillorable patrimonio natural, cultural e gastronómico entorno á pesca e ao marisqueo, proporcionando sensacionais oportunidades para crear produtos turísticos de calidade vinculados ao mar. O turismo mariñeiro configúrase como unha oportunidade estratéxica que debe ser aproveitada.

Pero qué é o TURISMO MARIÑEIRO?

Existen moitas definicións de turismo mariñeiro, pero debemos atender ás que proporcionan os textos legais que regulan a actividade:

NA LEXISLACIÓN ESTATAL...

Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado.

- **DIVERSIFICACIÓN PESQUEIRA E ACUÍCOLA:** desenvolvemento de actividades complementarias realizadas por profesionais do sector pesqueiro, co fin de reforzar a economía das comunidades pesqueiras.
- **TURISMO PESQUEIRO OU MARIÑEIRO:** actividade desenvolvida polos colectivos de profesionais do mar, mediante contraprestación económica, orientada á valorización e difusión das actividades e produtos do medio mariño, así como dos costumes, tradicións, patrimonio e cultura mariñeira, que por iso transcende a mera actividade extractiva e comercial.
- **PESCA-TURISMO:** tipo de actividade de turismo pesqueiro ou mariñeiro desenvolvida a bordo de embarcacións pesqueiras por parte de profesionais do sector, mediante contraprestación económica, que ten por obxecto a valorización e difusión do seu traballo no medio mariño, na que os turistas embarcados non poderán exercer a actividade pesqueira.



NA LEXISLACIÓN GALEGA...

Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia.

TURISMO MARIÑEIRO (artigo 112º):

*Enténdese por **TURISMO MARIÑEIRO**, para os efectos desta lei, as actividades desenvolvidas polos colectivos de profesionais do mar, mediante contraprestación económica, orientadas á valorización e á difusión do seu traballo no medio mariño, así como dos costumes, das tradicións, do patrimonio e da cultura mariñeira. En todo caso, estas actividades serán complementarias das actividades propias dos colectivos de profesionais do mar. Para os efectos deste artigo, terán a consideración de profesionais do mar as persoas que desenvolvan unha actividade de pesca, marisqueo ou acuicultura.*

ACTIVIDADES (Artigo 113º):

*Terán a consideración de actividades de turismo mariñeiro, **entre outras**, as de:*

- ***Pesca-turismo:** actividades desenvolvidas a bordo de embarcacións pesqueiras por parte dos profesionais do mar dirixidas ao coñecemento, a valorización e a difusión do seu traballo no medio mariño.*
- ***Rutas guiadas:** actividades dirixidas ao coñecemento do medio no que se desenvolven as actividades profesionais en praias, portos e vilas mariñeiras, guiadas por profesionais do mar.*
- ***Gastronomía:** actividades dirixidas á promoción e á posta en valor do consumo dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.*

3.- UN MAR DE OPORTUNIDADES: ESTRATEGIA GALEGA DE TURISMO 2020



Na actualidade as actividades turísticas vinculadas ao patrimonio, a historia e cultura de Galicia, así como as actividades que promovan a sostibilidade do entorno e os recursos teñen unha gran potencial de desenvolvemento e crecemento futuro como así se deduce da diagnose da Estrategia Galega de Turismo 2020. Neste contexto o turismo mariñeiro preséntase como unha interesante alternativa de desenvolvemento e diversificación para o sector da pesca e do marisqueo artesanais ao estaren directamente vinculadas ao patrimonio, historia e cultura de Galicia.

A importancia da **Estrategia Galega de Turismo 2020** radica en que nela se definen os pasos a seguir para mellorar a competitividade do turismo en Galicia: ao través da posta en marcha de diversas Liñas Estratéxicas preténdese satisfacer as necesidades e expectativas dos turistas que se



achegan ao noso territorio demandando produtos turísticos baseados no patrimonio e na sostibilidade dos recursos, tipoloxía na que encadra á perfección o turismo mariñeiro.

*No ano 2020, Galicia aposta por un turismo baseado no patrimonio, a historia e a cultura galega, caracterizado por unha consolidación dos novos produtos e experiencias turísticas, diferentes ás doutros destinos, **nas que destaca o mar como referencia específica**, xunto coa cultura celta e as nosas lendas e tradicións. Galicia aposta por ser referente como **destino sostible, coidadoso coa paisaxe e os recursos naturais, tanto nas rías e praias do litoral, como nas fragas máxicas e parques naturais do interior.***
Estratexia Galega de Turismo 2020.

A **sostibilidade** do destino será o fío condutor na posta en marcha das **liñas estratéxicas** que se contemplan na Estratexia 2020, das que compre destacar, pola súa relación co turismo mariñeiro, as seguintes:

Liña estratéxica da Estratexia 2020.	Accións da Estratexia 2020	Exemplos de accións
LIÑA ESTRATÉXICA 1: PAISAXE, RECURSOS NATURAIS E SOSTIBILIDADE	Acción 1.1.1 Turismo de natureza e ecoturismo.	Impulso ás actividades de turismo mariñeiro. Fomento das visitas ás vilas mariñeiras tradicionais, o coñecemento das actividades pesqueiras e a gastronomía destas zonas e o seu patrimonio material e inmaterial.
	Acción 1.1.4 Impulso turístico da Rede de Parques Naturais.	Fomento de accións formativas enfocadas a mellorar o coñecemento medioambiental dos guías turísticos e, por outra banda, a dotar de nocións de atención ao turista aos técnicos dos parques.

Relación co proxecto Mar das Illas.
Mar das Illas desenvólvese no entorno do PNMTIAG, único parque nacional do territorio galego, cun gran potencial turístico. Ademais no ámbito de influencia existen outros espazos naturais protexidos baixo distintas denominacións: Rede Natura 2000, Ospar ...



Liña estratéxica da Estratexia 2020.	Accións da Estratexia 2020	Exemplos de accións
LIÑA ESTRATÉXICA 2: VALORES DIFERENCIADOR ES E A SÚA POTENCIACIÓN	Acción 2.1.2 <i>Desenvolvemento de rutas turísticas vinculadas con elementos singulares de Galicia.</i>	<i>Deseño de rutas vinculadas ao patrimonio etnográfico. Impulsaranse itinerarios relacionados co Turismo mariñeiro. En colaboración cos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) fomentaranse sendas na contorna de poboacións cunha gran tradición mariñeira nas cales xa estean en marcha proxectos desta índole, de tal maneira que o turista poida percorrer zonas de marisqueo ou visitar as lonxas. Crearase unha ruta vinculada á pesca artesanal, centrada nos pequenos portos e nas vilas mariñeiras que desenvolven actividades pesqueiras de baixura.</i>
	Acción 2.1.3 <i>Enfoque turístico do patrimonio inmaterial.</i>	<i>Fomento do turismo mariñeiro en todas as súas vertentes, de tal maneira que o sector primario local comparta experiencias para que o visitante se mergulle nos costumes e na cultura mariñeira. No marco desta medida, serán os xeodestinos en colaboración cos GALP os encargados de formar a persoas que amosen aos visitantes as distintas técnicas de pesca ou marisqueo, as diferentes embarcacións tradicionais ou a artesanía das redeiras.</i>

Relación co proxecto Mar das Illas.

Mar das Illas capacitou aos participantes para a realización e desenvolvemento de rutas guiadas vinculadas ao patrimonio relacionado coa pesca artesanal: portos, lonxas, prazas de abastos, naves de redeiras, vilas mariñeiras, embarcacións tradicionais, estaleiros, técnicas de pesca ...



Liña estratéxica da Estratexia 2020.	Accións da Estratexia 2020	Exemplos de accións
LIÑA ESTRATÉXICA 6 RENDIBILIDADE.	<i>Obxectivo estratéxico 6.2 Fomento do turismo de alto valor engadido</i>	<i>Acción 6.2.1 Pulo de medidas de diferenciación e comercialización de produto turístico de alto valor engadido</i>

Relación co proxecto Mar das Illas.

Mar das Illas capacitou aos participantes para crear produtos turísticos diferenciados e de alto valor engadido.

Para máis información:
Estratexia Galega de Turismo 2020.

<https://www.turismo.gal/>



4.- O PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA.



O Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia reúne os requisitos para ser un dos territorios con maior potencialidade turística da nosa comunidade. Tanto é así que o PNMTIAG está a recibir uns 350.000 visitantes anuais.

Estamos a falar dun enclave único, vinculado ao mar (o 86% da superficie protexida é mariña), no que se preserva un inmenso patrimonio natural e cultural. Para garantir a conservación deste patrimonio e compatibilizala co uso público ou turístico xorden ferramentas como o **Plan Reitor de Uso e Xestión** do parque (**PRUX**), un instrumento no que se plasman e describen os obxectivos e os criterios de xestión do parque nacional e no que se establece a normativa de protección, a regulación de aproveitamentos, a zonificación e as actuacións en materia de conservación, uso público, investigación e seguimento.



O parque nacional aposta por potenciar o turismo sostible ao redor dos valores patrimoniais que preserva, e por iso o PRUX recolle actuacións encamiñadas a xestionar estas actividades turísticas. Así por exemplo, a totalidade de illas que compoñen o Parque Nacional contará cun límite de acceso, tanto na tempada alta como na baixa.

Este compromiso do Parque co turismo sostible queda reflectido noutros galardóns obtidos como poden ser o selo Starlight (sistema de certificación turística a nivel mundial que busca a protección dos ceos nocturnos mellor preservados fronte á contaminación luminosa) ou a implantación da CETS (Carta Europea de Turismo Sostible).

Que é a Carta Europea de Turismo Sostible?



É unha iniciativa da Federación EUROPARC, que ten como obxectivo promover o desenvolvemento do turismo sostible nos espazos naturais protexidos de Europa. A CETS reflicte a vontade dos espazos protexidos, das partes interesadas locais e dos representantes do sector turístico, de promover o turismo de acordo cos principios do desenvolvemento sostible.

O **turismo sostible**, é definido na CETS como *"calquera forma de desenvolvemento, equipamento ou actividade turística que respecte e preserve a longo prazo os recursos naturais, culturais e sociais e que contribúa de xeito positivo e equitativo ao desenvolvemento económico e á plenitude dos individuos que viven, traballan ou realizan unha estancia nos espazos protexidos"*.

www.redeuroparc.org/actividades/carta-europea-turismo-sostenible

Cabe salientar que o potencial turístico do PNMTIAG e o seu ámbito de influencia ten aínda moito percorrido futuro, máis se cabe agora que o Plan Reitor de Uso e Xestión acadou o visto bo do Consello da Rede de Parques Nacionais, feito que abre novas posibilidades de desenvolvemento turístico sostible, entre outras un claro avance cara a declaración por parte da Unesco do parque nacional como Patrimonio da Humanidade.

Mar das Illas e o PNMTIAG.

No contexto territorial no que se desenvolve o proxecto Mar das Illas ten gran relevancia o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, feito polo que se estableceu un acordo de colaboración mediante o que o PNMTIAG se constitúe como socio colaborador do proxecto.

Para poder exercer a labor como Guías é condición indispensable adquirir os coñecementos necesarios ao través de cursos de formación que se convocan ao efecto e posuír o título acreditativo correspondente. Para o caso concreto dos Guías de Turismo Mariñeiro en embarcación que desexen desempeñar a súa labor dentro dos límites do PNMTIAG, deberán obter o diploma correspondente ao *Curso de Iniciación ao Turismo Mariñeiro no ámbito do PNMTIAG*.

Curso de Iniciación ao Turismo Mariñeiro no ámbito do PNMTIAG. Mar das Illas.

Este curso capacita e habilita aos participantes para a posta en marcha de actividades de turismo mariñeiro en embarcación nos límites do parque nacional. A formación pon especial atención no coñecemento dos valores patrimoniais do parque, normativa e uso público así como da disciplina da Interpretación do Patrimonio, co obxectivo de capacitar para crear e executar actividades que poñan en valor o PNMTIAG, os recursos pesqueiros e o modo de vida e cultura mariñeiros.



5.- O RUMBO A SEGUIR: MARCO NORMATIVO.



Para poñer en marcha o noso proxecto de diversificación en turismo mariñeiro debemos coñecer a regulamentación que nos afecta.

5.1.- TURISMO MARIÑEIRO.

A Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia define a actividade de turismo mariñeiro e os diferentes tipos de actividades que engloba.



Cabe subliñar que citada lei no artigo 113 contempla como actividades de turismo mariñeiro, as seguintes:

- *pesca-turismo.*
- *rotas guiadas en terra.*
- *gastronomía.*

No que respecta ao ámbito de actuación do proxecto Mar das Illas cabe salientar a inclusión na lei das rutas guiadas en terra para a promoción de produtos da pesca e acuicultura ou pesca-turismo e as rutas de pesca-turismo en embarcación (3ª e 4ª lista). Pola contra polo de agora non se contemplan de forma específica as actividades de turismo mariñeiro ou de pesca demostración en embarcacións, feito que si foi recollido noutras lexislacións autonómicas. En todo caso o propio artigo sinala que "*Terán a consideración de actividades de turismo mariñeiro, **entre outras**, as de...*" deixando aberta a porta a que se poidan incluír outros tipos de actividades.

Porén, outras actividades como o turismo mariñeiro desde embarcación ou a pesca-demostración poderían ser recollidas na futura normativa que regule as actividades de turismo mariñeiro contempladas na lei e que na actualidade non teñen regulación específica tal e como se especifica no artigo 113: "*Estableceranse as condicións para o exercicio das actividades previstas neste artigo. En todo caso, tales condicións deberanse someter ás previsións establecidas na normativa turística aplicable na comunidade galega en relación coa ordenación, a planificación e o fomento das actividades turísticas e estar en consonancia con estas*".

Que outras opcións existen namentres non se regulen as actividades de turismo mariñeiro previstas na lei?

Namentres non se publique dita regulamentación cabe a posibilidade de realizar actividades de turismo por profesionais do mar en embarcacións de recreo de sexta lista.

Preséntanse a continuación unhas táboas resumo coas características a ter en conta para emprender en turismo en embarcacións de recreo con fins comerciais.



TURISMO MARIÑEIRO EN EMBARCACIÓN.

Embarcacións

Sexta lista: Embarcacións de recreo con fins comerciais.
Actividade que precisa autorización previa da Xunta de Galicia.
Transportes.

TITULACIÓNS para 6ª lista.

Opción A

Patrón Profesional de Embarcacións de Recreo.

Normas:

RD 973/2009, de 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da Mariña Mercante (BOE 02/07/2009)
Resolución da Dirección Xeral de la Mariña Mercante de 12 de xullo de 2017 (BOE de 05/09/2017)

Requisitos:

Capitán de late + Operador Xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítima (ou Títulos de Mariña Mercante).
Navegacións de 50 días e 2.500 millas.
Exame.

Atribucións:

Ata 24 m de eslora.
Ata 12 persoas a bordo, incluída tripulación.
Ata 60 millas da costa ou cabotaxe ata 150 millas da costa.

Opción B

Mariñeiro de Ponte (con autorización de Capitanía Marítima):

Normas:

Resolución da Dirección Xeral da Mariña Mercante do 14/11/2016 (BOE 02/12/2016)

Requisitos:

Mariñeiro de Ponte da Mariña Mercante.
6 meses de embarque facendo funcións de mariñeiro de ponte.

Atribucións:

Ata 10 m de eslora e 12 pax.
Augas interiores.
Potencia adecuada á embarcación.

Opción C

Patrón Portuario.

Normas:

RD 973/2009, de 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da Mariña Mercante (BOE 02/07/2009)
Orden FOM 21.06.01 sobre tarxetas profesionais (BOE de 10/07/2001)

Requisitos:

Curso + Embarques de 12 meses (6 ponte e 6 máquinas como mariñeiro/engraxador.)

Atribucións:

Hasta 100 GT e 150 pax; Menos de 3 millas de porto ou zona refuxio.
Simultaneo Ponte e máquinas ata 375 kw por motor. Non ten atribucións de máquinas, unicamente simultaneo.

Opción D	Patrón Local de Pesca (con autorización de Capitanía Marítima). Normas: <i>RD 973/2009, de 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da Mariña Mercante (BOE 02/07/2009)</i> <i>RD 36/2014, de 24 de xaneiro, regula títulos profesionais do sector pesqueiro. (BOE de 17/02/2014)</i> Requisitos: Tarxeta de Patrón Local de Pesca Título de Patrón Local de Pesca Exame + 18 meses embarque (6 ponte + 6 máquinas). Para buques de pasaxe ademais Certificado de Buques de Pasaxe Atribucións: Ata 12 m de eslora pp y 100 kw p.m. (Inclúe polivalencia) Augas interiores (dentro das liñas base) Pasaxe ata 150 pax.
Opción E	Patrón Costeiro Polivalente (con autorización de Capitanía Marítima). Normas: <i>RD 973/2009, de 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da Mariña Mercante (BOE 02/07/2009)</i> <i>RD 36/2014, de 24 de xaneiro, regula títulos profesionais do sector pesqueiro. (BOE de 17/02/2014)</i> Requisitos: Tarxeta de Patrón Costeiro Polivalente – con mando Título de Patrón Costeiro Polivalente Exame + 24 meses embarque ou equivalente (6 meses en máquinas) Para mando 12 meses como oficial ou patrón pesqueiro. Para buques pasaxe ademais: Certificado de Buques de Pasaxe Atribucións: Ata 24 m de eslora pp y 400 kw p.m. (Inclúe polivalencia) Augas interiores (dentro das liñas base) Pasaxe ata 150 pax.

DESPACHO DA EMBARCACIÓN.

Licenza de Navegación – Enrolado o patrón (non vale o permiso de navegación). Non está previsto o simultáneo de tripulacións entre 3ª e 6ª.

ZONAS DE NAVEGACIÓN.

Ata 2 millas dun abrigo ou praia accesible.



SEGUROS.

REAL DECRETO 607/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas.

O seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria cobre fronte a terceiros a reparación dos danos a persoas ata un límite de 120.200 euros por vítima cun límite máximo de 240.400 euros por sinistro, e os danos materiais e as perdas económicas a que se refire o artigo 6.1 deste Regulamento ata o límite de 96.000 euros por sinistro.

CERTIFICADOS PARA ENROLAR e DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A BORDO.

Certificados para enrolar:

- *Certificado médico en vigor.*
- *Formación Básica en Seguridade (renovar cada cinco anos).*
- *Certificado de Operador Restrinxido / Xeral do Sistema Mundial de Socorro e Salvamento Marítimo.*
- *Formación Sanitaria.*

No caso de buques de pasaxe: en virtude do número de pasaxeiros (> 12) e título avanzado C.I. e Botes de rescate en función do tamaño do barco.

Taxa sinalización (> 9m motor / 12 m vela).

Certificado de Navegabilidade / Seguridade.

Certificados de balsas salvavidas (nos casos que aplique).

Certificado Revisión da Botica de primeiros auxilios.

Alta na Seguridade Social / Contrato de traballo (se non é o armador).

ATRAQUE EN PORTO

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia establece as taxas a pagar pola prestación de servizos ao pasaxe por pasaxeiro/a e vehículo en réxime de pasaxe, en función da modalidade de pasaxe e do tipo de navegación, así como as taxas servizo de amarre e desamarre e outros.

FORMA XURÍDICA

Calquera forma xurídica admisible en dereito.

SEGURIDADE SOCIAL

Encadrado no Réxime Especial dos Traballadores do Mar namentres que a actividade mariñeira sexa a actividade principal.

Cando os beneficios superen aos da actividade principal o emprendedor/a deberá decantarse por unha das dúas actividades, encadrándose cada unha no réxime correspondente.

TRIBUTACIÓN

A fórmula para declarar estes ingresos dependerá do tipo de sociedade en que estea constituída a empresa pesqueira (autónomo, S.L., comunidade de bens, asociación...). Os beneficios obtidos imputaranse ao réxime de tributación que proceda pola actividade pesqueira principal, á cal complementan. Cando se faga a declaración de ingresos, uns corresponderán á actividade de Pesca ou Marisqueo que tributa ao 10% de IVE e outros a turismo mariñeiro, que o fai ao 21%.

REAT: REXISTRO EMPRESAS TURÍSTICAS DE GALICIA.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia regula o REAT. A inscrición se practicará de oficio polas empresas turísticas aínda que potestativamente, a consellería competente en materia de turismo poderá inscribir no rexistro outras actividades que polos seus servizos, instalacións ou interese para o turismo considerásense relevantes para ser incluídas na oferta turística.

RUEPSS: REXISTRO ÚNICO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS.

No caso de que as actividades de turismo mariñeiro se realicen ao través dunha asociación, esta debera incluírse no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. Este rexistro recolle a información referida ás Entidades que desenvolven programas ou son titulares ou xestoras de Centros ou Programas de servizos sociais, nos seguintes ámbitos: maiores, discapacidade, igualdade, infancia, menores, familia, inclusión e servizos comunitarios.

O RUEPSS configúrase como unha ferramenta para a difusión, o coñecemento e de orientación na asignación dos recursos sociais existentes. Esta aplicación está xestionada pola Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais ó que poderá dirixirse mediante o enderezo electrónico: inspeccion.centros@xunta.gal



5.2.- PESCA-TURISMO.

LEXISLACIÓN AUTONÓMICA.

A Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia define a actividade de turismo mariñeiro e os diferentes tipos de actividades que engloba, entre eles a pesca-turismo. Esta actividade prevista na lei autonómica na actualidade carece de regulación propia.

LEXISLACIÓN ESTATAL.

A Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado recolle a pesca-turismo como unha das actividades asociadas ao turismo pesqueiro ou mariñeiro e detalla que:

“polas súas condicións particulares require dunha regulación específica. A existencia dun especial control enfocado a estas cuestións fundamentase nas imperiosas razóns de seguridade da navegación e de control extractivo do recurso que diferencian a este subsector doutros relacionados coa actividade turística”.



En que consiste esa regulación específica?

A Lei de Pesca do estado especifica no **Artigo 74 ter** as condicións que é preciso cumprir para poder realizar actividades de pesca-turismo:

1. As actividades serán realizadas en todo caso por profesionais do sector, suxeitos xa que logo ao Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.
2. Deberase contar co previo Informe favorable do Ministerio de Fomento, así como comunicación previa ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA).
3. A actividade será compatible coa pesca extractiva para a que o buque estea autorizado.
4. Os turistas non poderán exercer a actividade pesqueira.
5. Obrigatorio subscribir un seguro de responsabilidade civil ou outra garantía financeira equivalente.
6. Poderán regularse regulamentariamente as condicións de comercialización dos produtos recollidos durante a actividade.
7. Regulamentariamente estableceranse as condicións de complementariedade e compatibilidade da actividade de pesca extractiva e pesca-turismo e as condicións do embarque do pasaxe.



Cal é a REGULAMENTACIÓN á que fai referencia o punto 7?

As condicións específicas relativas á posta en marcha de actividades de pesca-turismo serán recollidas nun Real Decreto cuxo borrador estivo sometido a información pública. A finalidade deste Real Decreto será regular a pesca-turismo como actividade complementaria do sector pesqueiro, establecendo as condicións básicas para o seu desenvolvemento a bordo de buques e embarcacións pesqueiras ou embarcacións auxiliares de pesca extractiva e acuicultura, realizadas e dirixidas por profesionais do sector pesqueiro.

RESUMO do Borrador do Real Decreto polo que se establecen as condicións para o desenvolvemento da actividade de pesca-turismo. Secretaría Xeral de Pesca.

Embarcacións	Terceira lista: buques de construción nacional ou importados dedicados á pesca con fins comerciais. Cuarta lista: buques auxiliares de pesca ou de actividades de acuicultura.
REQUISITOS	
Informe previo favorable do Ministerio de Fomento	Emitido pola Capitanía Marítima correspondente. - O informe emitirase nun prazo máximo de 2 meses. - Se hai algunha modificación, deberase solicitar un novo informe. - Capitanía comprobará antes de emitir o informe que o barco está dado de alta no Rexistro da Flota Pesqueira. - Capitanía ditará un regulamento para facer un seguimento da validez da autorización. Documentación a presentar: • Seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente. • Declaración responsable.
Inscrición	Debe estar no Rexistro Xeral da Flota Pesqueira. Verificación pola Secretaría Xeral de Pesca, SGP.
Caladoiros	O cumprimento dos requisitos esixidos na CCAA, permitiralle operar nos caladoiros onde o buque estea autorizado a traballar.
Título para habilitación	A CCAA poderá expedir título para a habilitación de forma adicional á verificación establecida, os cales haberán de ser comunicados á SGP.

COMPLEMENTARIEDADE E COMPATIBILIDADE COA PESCA EXTRACTIVA

Condicións	Acorde ás condicións establecidas para a actividade extractiva, en particular en canto aos seus períodos.
Rol	No rol de despacho debe estar indicado que o buque pode realizar a actividade de pesca-turismo.
Limitacións	• Pode facerse a actividade en calquera época do ano e horario. A única limitación é que a excursión non pode durar máis de 24h. • O embarque e desembarque debe realizarse no mesmo porto. Isto afecta aos barcos de cerco. • A tripulación mínima nunca será inferior a 2 tripulantes.

SEGURIDADE E HABITABILIDADE

Seguros	Seguro de responsabilidade civil en vigor ou garantía financeira equivalente que cubra os riscos de morte ou accidente nas viaxes. O borrador non fixa cantidades.
Outras normas complementarias ao RD.	REAL DECRETO 607/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas. O seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria cobre fronte a terceiros a reparación dos danos a persoas ata un límite de 120.200 euros por vítima cun límite máximo de 240.400 euros por sinistro, e os danos materiais e as perdas económicas a que se refire o artigo 6.1 deste Regulamento ata o límite de 96.000 euros por sinistro.
	ORDE do 28 de abril de 2011 pola que se establecen os límites cuantitativos nos seguros de danos a terceiros que se subscriban para embarcacións dedicadas á pesca profesional, marisqueo e acuicultura. Establece os seguintes límites mínimos ás sumas máximas aseguradas por sinistro ou ocorrencia: a) Un millón de euros para aquelas embarcacións cuxa tripulación non supere as cinco persoas. b) Vinte e cinco millóns de euros para as embarcacións cuxa tripulación supere as cinco persoas.
	Real Decreto 1575/1989, de 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Seguro Obrigatorio de Viaxeiros. As indemnizacións a percibir polos asegurados ou beneficiarios do Seguro Obrigatorio de Viaxeiros valoráranse e abonarán da seguinte forma: 1. Falecemento.- O valor de indemnización en caso de morte será de 36.060,73 euros. 2. Incapacidade: 42.070,85 euros.



